

ASUNTO: Cesión de 10,9 ha de terreo dentro do monte veciñal en man común “Monte Chairas” para utilizar como centro de investigación e interpretación forestal.

ANTECEDENTES

O monte Chairas foi clasificado como monte veciñal en man común por resolución do Xurado provincial o 28 de febreiro de 1977. A superficie clasificada foi de 228,98 ha.

Na actualidade o monte non está deslindado.

FUNDAMENTACIÓN LEGAL E TÉCNICA

Conforme se establece no artigo 5º da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais de Galicia (DOG núm. 202 do 20.10.1989), os montes veciñais, malia a súa inalienabilidade, poderán ser obxecto de cesión, en todo ou en parte, a título oneroso ou gratuito, para obras, instalacións, explotacións de diversa índole, servizos e outros fins que redunden de modo principal no beneficio directo da comunidade de veciños, de acordo coas maiorías previstas no artigo 18.1 da citada lei. A cesión poderá ser indefinida a favor de calquera das Administracións Públicas cando sexa destinada a equipamentos a prol da propia comunidade, e en tanto manteña o fin para o que foi feita a cesión.

Igualmente no artigo 5º do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común (DOG núm. 186 do 23.09.1992), establécese que as cesións poderanse facer cando redunden en beneficio directo da comunidade, sempre que de tal cesión se derive un ben público ou social ou que redunde de modo principal en beneficio dos veciños.

Poderanse establecer por un período máximo de 30 anos cando sexa a favor de particulares, ou por tempo indefinido se o beneficiario for calquera das Administracións Públicas cando sexa destinada a equipamentos a favor da propia comunidade, e mentres se manteña o fin para o que foi feita a cesión.

Visto que as instalacións do viveiro “Chairas” se atopan dentro da superficie do monte, e visto que o uso pretendido é o establecemento de parcelas de

investigación e divulgación ambiental derivándose polo tanto nun interese público, acórdase establecer a seguinte cesión da comunidade de veciños á Xunta de Galicia nos seguintes termos.

CLÁUSULAS

1.- A comunidade de montes veciñais en man común “A Derrasa, Santa Marta, Casmartiño, Caspiñón, o Outeiro, Boeiros, Cebreiros, Cortiñas, O Pereiro de Alén e Vilar”, titular do monte Chairas, do concello do Pereiro de Aguiar, outorga unha cesión de carácter indefinido a favor da Xunta de Galicia para as instalacións do viveiro forestal de Chaira.

2.- A cesión será gratuíta, a favor da Xunta de Galicia, para a súa adscrición á Consellaría do Medio Rural, nunha superficie de 10,9 ha, de acordo coa delimitación recollida no plano que se acompaña.

3. O uso establecido para as instalacións será de viveiro forestal, actividades relacionadas coa investigación forestal e centro de divulgación de valores ambientais e forestais.

4.- A cesión entrará en vigor desde a súa aceptación mediante Decreto da Xunta de Galicia, que se elevará a escritura pública no prazo de 3 meses desde a referida aceptación.

5.- A Xunta de Galicia (cesionario de aquí en adiante) obrígase a:

- Delimitar claramente os terreos obxecto de cesión.
- Realizar todos os traballos e inversións necesarias para conseguir que o centro funcione de acordo cos fins establecidos, durante todo o tempo de duración.
- Custear os impostos, taxas ou contribucións que se deriven dos terreos e instalacións dentro dos terreos obxecto de cesión.
- En caso de abandono ou resolución producirase a reversión de todos os bens que se atopen dentro dos terreos obxecto de cesión á comunidade.
- O cesionario non poderá transmitir o ceder a terceiros sen o consentimento expreso da comunidade, formalizándose de acordo coa lexislación vixente.



- O cesionario responderá de todos os danos e prexuízos que a súa actuación puidese xerar na xestión dos terreos obxecto de cesión.

6.- Os integrantes da comunidade terán preferencia aos efectos de contratación por parte da Consellería do Medio Rural para prestar servizos dentro das instalacións, sempre que a normativa vixente o permita, e que as persoas cumpran cos requirimentos exixíbeis para os traballos ofertados.

7.- A presente cesión rematará se os terreos cedidos deixan de estar destinados á finalidade establecida na cláusula 1ª do presente acordo. Así mesmo a comunidade de montes poderá denunciar o acordo cando acredite que o cesionario incumpriu calquera das obrigas establecidas nela se, previa notificación e requirimento fidedigno deste último, non se procedese ao seu cumprimento nun prazo máximo de 3 meses. Os terreos e instalacións entregaranse, sen mais deterioro que os debidos ao uso normal e o transcurso do tempo.

8.- A presente cesión rexerase polo establecido na Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais de Galicia (DOG núm. 202 do 20.10.1989), no Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común (DOG núm. 186 do 23.09.1992), así como o resto de normativa de dereito privado que lle for de aplicación.

9.- Todos os gastos derivados ou que poidan derivarse da formalización do presente acordo de cesión serán a cargo do cesionario.